



## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE CREA E O CONCELLO DE CARBALLO CON MOTIVO DA VII EDICIÓN DO FESTIVAL CARBALLO INTERPLAY**

### **REUNIDOS**

Dunha parte, D. Evencio Ferrero Rodríguez, con DNI núm. 76321421-S, Alcalde do Concello de Carballo,

Don Alfonso Vázquez Cortizo, Presidente de CREA, en nome e representación de "Asociación de Profesionais da Dirección e a Realización de Galicia", con CIF G15842842, en adiante CREA.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

### **MANIFESTAN**

Que o Concello de Carballo, entidade organizadora da VII Edición do Festival Internacional de Contidos Dixitais Carballo Interplay, ten o interese de promover eventos culturais e turísticos que axuden a dinamizar o territorio

Que CREA mantén unha liña de traballo que mostra o seu grande interese por promover todos aqueles eventos culturais relacionados co mundo do cine e vídeo, desenvolvendo fórmulas de apoio e promoción de novos talentos na industria audiovisual.

Por iso, e constatando a vontade mutua de colaborar para favorecer o desenvolvemento da Comunicación e as Artes Audiovisuais, acordan asinar o presente Convenio de colaboración de acordo coas seguintes cláusulas:

### **PRIMEIRA**

O obxectivo deste convenio é regular os criterios de colaboración entre CREA e o Concello de Carballo para favorecer o desenvolvemento da creación audiovisual coa creación e dotación económica dunha categoría específica de premio no VII Festival Carballo Interplay.

### **SEGUNDA**

O Concello de Carballo comprométense a establecer, dentro da competición de webseries do VII Festival Carballo Interplay, unha categoría específica chamada "Premio CREA a Mellor Dirección", dotada con un premio económico de 200€.

#### TERCEIRA

CREA comprométese a aboar o importe do "Premio CREA a Mellor Dirección" á persoa premiada acorde as obrigas tributarias particulares de cada caso, e a súa entrega no Acto de Clausura do Festival o 4 de Abril de 2020.

#### CUARTA

O Concello de Carballo, ou a persoa á quen designe, será o encargado de seleccionar o xurado oficial da competición de series encargado de elixir as series premiadas dentro do Festival. Entre a selección dos membros do xurado oficial se designará polo menos un dos asociados de CREA.

#### QUINTA

CREA colaborará co Concello de Carballo coa participación de algúm membro de CREA en algunha actividade do programa do Festival, que previamente se aproben por parte de CREA e da organización do Festival. O lugar de celebración da actividade estará determinado pola organización do Festival.

#### SEXTA

O Concello de Carballo comprométese a incluír a CREA como colaborador en cartelería, redes e web; así coma reservar un espazo para o roll up de CREA nas diferentes actividades nas que participe se non estivera presente na identidade visual do Festival.

Ademais CREA queda autorizado para facer todo tipo de publicidade, comunicados de prensa ou calquera outra actividade de divulgación pública, sobre a súa participación como entidade colaboradora co Festival.

En proba de conformidade co que antecede, as partes asinan dixitalmente o presente acordo na data que figura á marxe.

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe

D. Evencio Ferrero Rodríguez  
Alcalde de Carballo



D. Alfonso Vázquez Cortizo  
Presidente de CREA